

RÉXIME LOCAL

§ 4 LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL (XEFATURA DO ESTADO), REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL

(«BOE» núm. 180, do 3 de abril; corrección de erros no «BOE» núm. 139, do 11 de xullo de 1985)

.....

TÍTULO V

Disposicións comúns ás entidades locais

CAPÍTULO PRIMEIRO

RÉXIME DE FUNCIONAMENTO

.....

Art. 50. 1. Os conflitos de atribucións que xurdan entre órganos e entidades dependentes dunha mesma corporación local serán resoltos:

a) Polo Pleno, cando se trate de conflitos que afecten órganos colexiados, membros destes ou entidades locais das previstas no artigo 45.

§4 b) Polo alcalde ou o presidente da corporación, no resto dos postos.

2. Os conflitos de competencias suscitados entre diferentes entidades locais serán resoltos pola Administración da Comunidade Autónoma ou pola Administración do Estado, logo de audiencia das comunidades autónomas afectadas, segundo se trate de entidades pertencentes á mesma ou a distinta comunidade, e sen prexuízo da ulterior posibilidade de impugnar a resolución ditada ante a xurisdición contencioso-administrativa (1).

3. As cuestións que se susciten entre municipios pertencentes a distintas comunidades autónomas sobre deslindamento dos seus termos municipais serán resoltas pola Administración do Estado, logo de informe do Instituto Xeográfico Nacional, audiencia dos municipios afectados e das respectivas comunidades autónomas e ditame do Consello de Estado (2).

Art. 51. Os actos das entidades locais son inmediatamente executivos, salvo naqueles casos en que unha disposición legal estableza o contrario ou cando se suspenda a súa eficacia de acordo coa lei (3).

Art. 52. 1. Contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin á vía administrativa, os interesados poderán exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante interpoñer con carácter previo e potestativo recurso de reposición (4).

(1) Artigo 222 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (§ 5).

(2) Número engadido pola Lei 11/1999, do 21 de abril («BOE» núm. 96, do 22 de abril; suplemento en lingua galega núm. 6 do 7 de maio).

Véxase o Real decreto 3426/2000, do 15 de decembro, polo que se regula o procedemento de deslindamento («BOE» núm. 312, do 30 de decembro) de termos municipais pertencentes a distintas comunidades autónomas.

(3) Véxase o artigo 208 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (§ 5).

(4) Punto redactado pola Lei 11/1999, do 21 de abril («BOE» núm. 96, do 22 de abril; suplemento en lingua galega núm. 6 do 7 de maio).

2. Poñen fin á vía administrativa as resolucións dos **§4** seguintes órganos e autoridades (5):

a) As do Pleno, os alcaldes ou presidentes e as comisións de goberno, salvo nos casos excepcionais en que unha lei sectorial requira a aprobación ulterior da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, ou cando proceda recurso ante estas nos supostos do artigo 27.2 (6).

b) As de autoridades e órganos inferiores nos casos que resolvan por delegación do alcalde, do presidente ou doutro órgano cuxas resolucións poñan fin á vía administrativa.

c) As de calquera outra autoridade ou órgano cando así o estableza unha disposición legal (7).

.....

CAPÍTULO III

IMPUGNACIÓN DE ACTOS E ACORDOS E EXERCICIO DE ACCIÓNS

Art. 63. 1. Xunto aos suxeitos lexitimados no réxime xeral do proceso contencioso-administrativo (8) poderán impugnar os actos e os acordos das entidades locais que incorran en infracción do ordenamento xurídico:

a) A Administración do Estado e a das comunidades autónomas, nos casos e nos termos previstos neste capítulo (9).

b) Os membros das corporacións que votasen en contra de tales acordos (10).

(5) Artigos 25 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa e 109 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (§ 11).

(6) Alínea redactada de acordo coa Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

(7) Artigo 209 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (§ 5).

Véxanse os artigos 116, 117 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro (§ 11).

(8) Artigo 19 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa.

(9) Artigo 19.1.c) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa.

(10) Véxanse os artigos 18 e 170 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (§ 6).

§4 2. Están igualmente lexitimadas en todo caso as entidades locais territoriais para a impugnación das disposicións e actos das administracións do Estado e das comunidades autónomas que lesionen a súa autonomía, tal como esta resulta garantida pola Constitución e esta lei (11).

3. Así mesmo, as entidades locais territoriais estarán lexitimadas para promover, nos termos do artigo 119 desta lei, a impugnación ante o Tribunal Constitucional de leis do Estado ou das comunidades autónomas cando se considere que son estas as que lesionan a autonomía constitucionalmente garantida (12).

.....

Art. 65. 1. Cando a Administración do Estado ou a das comunidades autónomas considere, no ámbito das respectivas competencias, que un acto ou acordo dalgunha entidade local infrinxe o ordenamento xurídico, poderá requirila, invocando expresamente este artigo, para que anule o dito acto no prazo máximo dun mes.

2. O requirimento deberá ser motivado e expresar a normativa que se considere vulnerada. Formularase no prazo de quince días hábiles a partir da recepción da comunicación do acordo.

3. A Administración do Estado ou, se é o caso, a da comunidade autónoma poderá impugnar o acto ou acordo ante a xurisdición contencioso-administrativa dentro do prazo sinalado para a interposición do recurso de tal natureza sinalado na lei reguladora da dita xurisdición (13), contado desde o día seguinte a aquel en que venza o requirimento dirixido á entidade local, ou ao da recepción da súa comunicación rexeitando o requirimento, de se producir dentro do prazo sinalado para iso.

4. A Administración do Estado ou, se é o caso, a da comunidade autónoma, poderá tamén impugnar directamente

(11) Artigo 19.1.e) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa.
(12) Véxanse os artigos 75 bis a 75 quinquies da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, relativos aos conflitos en defensa da autonomía local.
(13) Artigo 46 da citada lei.

o acto ou acordo ante a xurisdición contencioso-administrativa, sen necesidade de formular requirimento, no prazo sinalado na lei reguladora da dita xurisdición (14). **§ 4**

Art. 66. Os actos ou acordos das entidades locais que menoscaben competencias do Estado ou das comunidades autónomas, interfiran o seu exercicio ou excedan da competencia das ditas entidades, poderán ser impugnados por calquera dos procedementos previstos no artigo anterior (15).

A impugnación deberá precisar a lesión ou, se é o caso, extralimitación competencial que a motiva e as normas legais vulneradas en que se funda. No caso de que, ademais, contivese petición expresa de suspensión do acto ou acordo impugnado, razoada na integridade e efectividade do interese xeral ou comunitario afectado, o tribunal, se a considera fundada, acordará a dita suspensión no primeiro trámite subseguinte á presentación da impugnación. Non obstante, por instancia da entidade local, e oíndo a Administración demandante, poderá alzar en calquera momento, en todo ou en parte, a suspensión decretada, en caso de que dela fose derivar prexuízo ao interese local non xustificado polas exixencias do interese xeral ou comunitario feito valer na impugnación (16).

Art. 67. 1. Se unha entidade local adoptase actos ou acordos que atenten gravemente contra o interese xeral de España, o delegado do Goberno, logo de requirimento para a súa anulación ao presidente da Corporación efectuado dentro dos dez días seguintes ao da recepción daqueles, poderá suspender e adoptar as medidas pertinentes para a protección do dito interese.

(14) Artigo redactado conforme a Lei 11/1999, do 21 de abril («BOE» núm. 96, do 22 de abril; suplemento en lingua galega núm. 6, do 7 de maio).

Véxanse os artigos 214 e 215 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (§ 5).

(15) Parágrafo redactado conforme a Lei 11/1999, do 21 de abril («BOE» núm. 96, do 22 de abril; suplemento en lingua galega núm. 6, do 7 de maio).

(16) Véxase o artigo 216 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (§ 5).

§4 2. O prazo concedido ao presidente da corporación no requirimento de anulación non poderá ser superior a cinco días. O do exercicio da facultade de suspensión será de dez días, contados a partir do seguinte ao da finalización do prazo do requirimento ou ao da resposta do presidente da corporación, se fose anterior.

3. Acordada a suspensión dun acto ou acordo, o delegado do Goberno deberao impugnar no prazo de dez días desde a suspensión ante a xurisdición contencioso-administrativa (17).

.....

TÍTULO VIII

FACENDAS LOCAIS (18)

.....

Art. 106. 1. As entidades locais terán autonomía para estableceren e exixiren tributos de acordo co previsto na lexislación do Estado reguladora das facendas locais e nas leis que diten as comunidades autónomas nos supostos expresamente previstos naquela.

2. A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria exercerase a través de ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos propios e de ordenanzas xerais de xestión, recadación e inspección. As corporacións locais poderán ditar disposicións interpretativas e aclaratorias delas.

3. É competencia das entidades locais a xestión, recadación e inspección dos seus tributos propios, sen prexuízo das delegacións que poidan outorgar a favor das entidades locais de ámbito superior ou das respectivas comunidades autónomas e das fórmulas de colaboración con outras enti-

(17) Artigo redactado conforme a Lei 11/1999, do 21 de abril («BOE» núm. 96, do 22 de abril; suplemento en lingua galega núm. 6, do 7 de maio).

Véxase o artigo 127 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa.

(18) Véxase o parágrafo 6.

dades locais, coas comunidades autónomas ou co Estado, de §4
acordo co que estableza a lexislación do Estado.

.....

Art. 108. Contra os actos sobre aplicación e efectividade dos tributos locais, e dos restantes ingresos de dereito público das entidades locais, tales como prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias, prezos públicos, e multas e sancións pecuniarias, formularase o recurso de reposición especificamente previsto para o efecto na Lei reguladora das facendas locais. O dito recurso terá carácter potestativo nos municipios a que se refire o título X desta lei (19).

.....

Art. 110. 1. Corresponderalle ao Pleno da Corporación a declaración de nulidade de pleno dereito e a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria, nos casos e de acordo co procedemento establecido nos artigos 153 e 154 da Lei xeral tributaria (20).

2. Nos demais casos, as entidades locais non poderán anular os seus propios actos declarativos de dereitos, e a súa revisión requirirá a previa declaración de lesividade para o interese público e a súa impugnación en vía contencioso-administrativa, conforme a lei da dita xurisdición (21).

.....

Art. 113. 1. Contra os actos que poñan fin ás reclamacións formuladas en relación cos acordos das corporacións en materia de orzamentos, imposición, aplicación e efectividade de tributos ou aprobación e modificación de ordenanzas fiscais, os interesados poderán interpor directamente o recurso contencioso-administrativo.

(19) Artigo redactado de conformidade coa Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

(20) A referencia débese entender feita ao artigo 217 da nova Lei xeral tributaria do 17 de decembro de 2003.

(21) Véxanse os artigos 102 a 106 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (§ 11).

§4 2. O Tribunal de Contas deberá, en todo caso, emitir informe cando a impugnación afecte ou se refira á nivelación orzamentaria.

3. A interposición do recurso previsto no punto 1 e das reclamacións establecidas nos artigos 49, 108 e 112, número 3, non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado (22).

(22) Artigos 171 e 179.4 da Lei reguladora das facendas locais (§ 6).